



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Expediente: 2024000000702

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DO XV PREMIO “ROSALÍA DE CASTRO” PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA 2024

No BOP núm. 37 do 21/02/2024 publicáronse as Bases do XIV Premio Rosalía de Castro de Lingua, que foron aprobadas pola Resolución da Presidencia número 5073 do 12/02/2024. Por resolución número 7379 do 26/02/2024 apróbase a convocatoria do premio que se publica no BOP número 45 do 4 de marzo de 2024.

A base sexta das súas bases reguladoras dispón:

“A decisión do xurado terá lugar na segunda metade do mes de maio. Darase a coñecer na páxina web da Deputación “

O anuncio estará exposto desde o 25 de xuño ata o 25 de xullo de 2024 ambos inclusive.

Acompáñase a Resolución da Presidencia número 25487 do 20/06/2024 que aproba a concesión do XV Premio Rosalía de Castro para a promoción da lingua galega 2024.

A Coruña, 21 de xuño de 2024